

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-13

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre unhas xornadas de homenaxe a Vicente Fernández. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Coitelos feitos para a historia

Homenaxe ao Ferreiro da Porteliña, o último experto de mazo que continúa a traballar en Galicia.



Vicente Fernández, máis coñecido como O Ferreiro da Porteliña
 FOTO: Axencias

V. OLIVEIRA . SANTIAGO

O Museo Comarcal da Fonsagrada, o Museo Etnográfico de Grandas de Salime, o Museo da Coitelería de Taramundi e a

asociación de ferreiros Consejo del Hierro, en colaboración coa Deputación de Lugo e co Concello da Fonsagrada realizarán, a fin de semana que vén, unhas xornadas de homenaxe a Vicente Fernández, O Ferreiro da Porteliña, para poñer en valor e reivindicar o futuro dun oficio en horas baixas.

Os historiadores Xoán Carmona e Pegerto Saavedra repasarán a importancia das ferrerías na montaña luguesa e no concello de Burón en particular, mentres que o etnógrafo Pablo Quintana presentará un adianto da biografía que está a preparar sobre o homenaxeado.

Celso Núñez, organizador das xornadas, destaca a figura de Vicente Fernández, xa que "é case o último ferreiro dedicado a elaborar ferramentas de corte e o único que traballa cunha maza hidráulica en activo en Galicia".

Fernández, que mesmo cando estivo emigrado en Suíza traballou de ferreiro, segue a modelar o ferro aos seus oitenta anos. Un esforzo que os ferreiros da comarca queren recoñecer cun agasallo especial: unha caixa cunha colección de coitelos feitos por eles para a ocasión. Ademais, o concello da Fonsagrada colocará unha placa na honra do Ferreiro da Porteliña na praza da Fonte deste municipio lugues.

"Queremos reivindicar que os ferreiros estamos en activo e que o oficio está vivo. Por iso queremos recuperar a súa historia e a importancia económica que no seu día tivo nestas comarcas", resaltou onte Celso Núñez.

A xornalista Xiana Arias o sábado inaugurará as xornadas e presentará os relatorios do catedrático de Historia Económica, Xoán Carmona, sobre "Ferrerías e mazos na montaña luguessa desde o século XVIII ao século XX", e do catedrático de Historia Moderna, Pegerto Saavedra, que abordará "O traballo do ferro no concello de Burón nas idades moderna e contemporánea". A continuación, o etnógrafo Pablo Quintana presentará nas xornadas un adianto da biografía que está a preparar sobre Vicente Fernández, co que mantivo varias entre-vistas.

Os Frebudos interpretarán romances de cego

Os actos do primeiro día rematarán con dúas actuacións musicais: a do grupo de regueifeiros Os Frebudos, que interpretarán romances de cego da comarca da Fonsagrada, e a de Daniel O Pando, que tocará a trompa deste concello lugués.

Pola noite, haberá unha cea de confraternidade no restaurante Cantábrico.

O domingo a partir das 11:00 horas, levarase a cabo un percorrido en autobús polos elementos máis representativos relacionados co oficio de ferreiro neste municipio lucense, como a Ferrería do Vilar da Cuíña ou a do Mazo da Porteliña, propiedade de Vicente Fernández, e que, segundo Núñez, "é un símbolo moi importante na Fonsagrada".

Artesáns: oficios en risco de desaparición

Ademais das tradicionais ferrerías nas que se elaboran navallas e coitelos de xeito artesanal, como o famoso mazo da Porteliña de Vicente Fernández, o concello da Fonsagrada conserva outros oficios como a talla de madeira e a cerámica de barro.

Porén, a fabricación de zocos de madeira e a cestería típica están desaparecendo nos últimos anos e non existen moitas posibilidades de que estes oficios sexan recuperados.

Texto adaptado do xornal *Galicia Hoxe*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas. ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas: Faga un resumo do contido do artigo. ▪ En que consisten as xornadas? ▪ Que persoa é homenaxeada e por que? ▪ Que actividades se realizan ao longo das xornadas?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicaráselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte. Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado: A. "Os oficios tradicionais non teñen cabida no mundo actual". B. "Paga a pena que as novas xeracións conserven estes oficios". C. "É interesante, economicamente, recuperar as profesións artesás".	

4. INTERACCIÓN
4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

“Os oficios tradicionais non teñen cabida no mundo actual”

- Pensa que paga a pena conservar todos os oficios e as actividades humanas? Por que?
- Vostede considera a conservación destes oficios só unha cuestión de nostalgia? Por que?
- Cre que botaremos de menos estes oficios cando desaparezan? Cal bota vostede de menos agora?
- Segundo vostede, cal vai ser o seguinte oficio que vai desaparecer? Por que?
- (Se procede) Pasa o mesmo no seu lugar de orixe? Que opinión lle merece?

OPCIÓN B

“Paga a pena que as novas xeracións conserven estes oficios”

- Ve algunha diferenza entre a educación que recibiu vostede e a dos nenos de hoxe en día? Cal?
- Atráelle a idea de dedicarse a algo así? Que faría? Por que?
- Como reaccionaría se un fillo ou un sobriño lle dixese que deixa os estudos para aprender un destes oficios?
- Coñece alguén que se dedique a un destes oficios? Que é o que fai? Hai alguén aprendendo con el ou ela? Ten moitos clientes? Traballa moito? Por que pensa que é así? Están satisfeitos co seu traballo?
- (Se procede) Pasa o mesmo no seu lugar de orixe? Que opinión lle merece?

OPCIÓN C

“É interesante, economicamente, recuperar as profesións artesanás”

- Pensa que pode compensar, para un país ou unha rexión, recuperar a artesanía?
- Cre que a artesanía pode atraer o turismo ou producir ingresos pola venda dos produtos etc.? Coñece algún caso?
- Considera que pode haber industrias que se monten arredor destas profesións?
- Pensa que os coñecementos dos artesanás volverán ser necesarios? Por que?
- (Se procede) Pasa o mesmo no seu lugar de orixe? Que opinión lle merece?